

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, o sector, así como entidades científicas en materia de reprodución, selección e xenética animal.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo do Real decreto 1682/1997.*

No Catálogo oficial de razas de gando de España contido no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España, introdúcense as seguintes modificacións:

1. No punto 1.1, parágrafo da especie caprina, suprímese a Agrupación Caprina Canaria.
2. No punto 1.1, parágrafo da especie caprina, incorpóranse as razas caprinas «Majorera», «Palmera» e «Tinerfeña».
3. A raza ovina «Ripollesa» do punto 1.1 pasa a estar incluída no punto 1.2.
4. A raza ovina «Roja Bilbilitana» do punto 1.2 pasa a denominarse «Roya Bilbilitana».
5. No punto 2 incorpórase a raza bovina «Blonda de Aquitania».
6. No punto 2 incorpórase a especie aviar, incluíndose nel a raza «Galiña de Mos».
7. Engádese un novo punto, o 4. Razas de países terceiros, ó que se incorpora como especie ovina a raza «Assaf».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de agosto de 2003.

ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

17310 REAL DECRETO 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do suplemento europeo ó título. («BOE» 218, do 11-9-2003.)

Nos estados membros da Unión Europea e estados asociados a ela, estanse a propiciar procesos de converxencia no ámbito educativo. Entre os máis relevantes, está o encamiñado a desenvolver un espazo europeo de educación superior que permitirá un recoñecemento máis doado das titulacións e facilitará a mobilidade dos estudantes universitarios, así como a integración dos titulados nun mercado laboral único.

Unha serie de factores contribuíron a iso de xeito decisivo: os programas de mobilidade de estudantes (Sócrates/Erasmus), que determinaron a necesidade de encontrar un sistema adecuado de equivalencias e recoñecemento de estudos e que orixinaron o Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS), e as declaracións da Sorbona, Boloña e Praga subscritas polos ministros de Educación europeos, que promoveron a construción do Espazo Europeo de Educación Superior con metas e criterios compartidos.

Entre os principais obxectivos da declaración de Boloña encóntrase a harmonización dos sistemas nacionais de titulacións baseado, esencialmente, nos dous ciclos principais de grao e posgrao, así como o establecemento dun sistema de créditos europeos como o sistema ECTS e a implantación dun suplemento europeo ós títulos emitidos polas institucións educativas de ensino superior.

O suplemento europeo ó título encontra a súa xustificación na diversidade de ensinos e titulacións, as dificultades no seu recoñecemento, o incremento da mobilidade dos cidadáns e a insuficiente información achegada polos títulos. É un documento que engade información ó título obtido mediante unha descrición da súa natureza, nivel, contexto e contido.

O suplemento europeo ó título ten, así pois, como obxectivo incrementala transparencia das diversas titulacións de educación superior impartidas nos países europeos e facilita-lo seu recoñecemento académico e profesional polas institucións. Pretende ser un documento comprensivo, no que se reflectan os resultados da aprendizaxe ó longo da vida e os coñecementos acreditados a unha persoa por institucións europeas de ensino superior. O formato normalizado do suplemento europeo ó título axústase ó modelo elaborado pola Comisión Europea, o Consello de Europa e UNESCO/CEPES (Centro Europeo para o Ensino Superior).

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos seus artigos 87 e 88, encoméndalle ó goberno, no ámbito das súas competencias, a adopción das medidas necesarias para a plena integración do sistema español no espazo europeo de ensino superior. Entre esas medidas encóntrase a de asegurar que os títulos oficiais expedidos polas universidades españolas se acompañen daqueles elementos de información que garantan a transparencia respecto do nivel e contidos das ensinanzas certificadas polo dito título, é dicir, do suplemento europeo ó título, co fin de promover-la máis ampla mobilidade nacional e internacional de estudantes e titulados españois.

Este real decreto pretende desenvolver-lo procedemento polo que as universidades españolas poderán expedir-lo mencionado suplemento europeo ós títulos oficiais que emitan.

O principal motivo que levou o goberno a aprobar esta norma é abri-la posibilidade de que os actuais alumnos universitarios españois se poidan beneficiar, ó remataren os seus estudos, das vantaxes que comporta, para a súa mobilidade, académica e profesional, noutras universidades e outros países europeos o que os seus títulos vaian acompañados dun documento de información eficaz sobre o nivel e contido das ensinanzas que cursasen nunha universidade española.

O procedemento de expedición do suplemento europeo ó título regulado neste real decreto establécese con carácter transitorio en tanto non se implanten nas titulacións universitarias españolas os créditos europeos como unidade de medida do haber académico, non se modifique o sistema vixente de cualificacións e non se leve a cabo a implantación efectiva das modalidades cíclicas das ensinanzas consideradas na declaración de Boloña, decisións que sen dúbida repercutirán na confección do suplemento ós novos títulos que se poidan establecer como consecuencia das previsións contidas no punto 2 do artigo 88 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

Este real decreto foi informado polo Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las condicións e o procedemento polo que as universidades españolas poderán expedir-lo suplemento europeo ó título, co fin de promover-la máis ampla mobilidade de estudantes e titulados españois no espacio europeo de ensino superior.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As universidades poderán expedir-lo suplemento europeo ós títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional dos que teñan implantadas as ensinanzas. O suplemento europeo ó título non poderá ser expedido acompañando diplomas ou títulos propios establecidos polas universidades ou outros centros non universitarios.

2. O suplemento europeo ó título poderá ser emitido para aqueles títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional que se expidan a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Artigo 3. *Definición.*

O suplemento europeo ó título é o documento que acompaña cada un dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, coa información unificada, personalizada para cada titulado universitario, sobre os estudos cursados, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no sistema nacional de educación superior.

Artigo 4. *Contido do suplemento europeo ó título.*

1. O suplemento europeo ó título debe conter-la seguinte información:

- a) Datos do estudante.
- b) Información da titulación.
- c) Información sobre o nivel da titulación.
- d) Información sobre o contido e os resultados obtidos.
- e) Información sobre a función da titulación.
- f) Información adicional.
- g) Certificación do suplemento.
- h) Información sobre o sistema nacional de educación superior.

Artigo 5. *Plans de estudos conxuntos.*

1. Nos supostos de plans de estudos conxuntos entre universidades españolas, conducentes á obtención dun único título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, expedirase un único suplemento europeo ó título.

2. Cando se trate de plans de estudos conxuntos, establecidos entre universidades españolas e estranxeiras, que conduzan á dobre titulación, expedirase por parte da universidade española un suplemento europeo ó título onde figuren os detalles da dobre titulación.

Artigo 6. *Estudios parciais.*

No caso de estudantes que cursen só parte dos estudos conducentes a un título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, non se expedirá o suplemento europeo ó título, senón unicamente unha certificación de estudos, co contido do modelo de suplemento que proceda.

Artigo 7. *Expedición do suplemento europeo ó título.*

1. O suplemento europeo ó título será expedido por solicitude do interesado, pola universidade correspondente, logo de verificación do cumprimento do disposto neste real decreto e de acordo cos requisitos formais que se establecen nos anexos.

2. O documento soporte dos suplementos europeos que se expidan será de idéntico tamaño para todos eles, normalizado en formato UNE A-4 (modelo de papel de seguridade).

3. Nos documentos incorporárase impreso o escudo de España. Poderán incorporarse, así mesmo, os escudos ou logotipos da Unión Europea e da propia universidade, caso este no cal o seu tamaño non poderá ser maior có do escudo de España.

4. O suplemento europeo ó título expedirase en castelán e noutra lingua oficial da Unión Europea que a universidade determine. O Consello de Coordinación Universitaria aprobará, para estes efectos, e de conformidade cos modelos que se inclúen como anexos a este real decreto, modelos uniformes de suplementos ó título redactados nas linguas oficiais da Unión Europea de maior uso. As universidades radicadas en comunidades autónomas con lingua cooficial propia poderán expedir tamén os suplementos ó título na súa propia lingua, atearanse á tradución para a lingua cooficial que a Administración educativa da comunidade autónoma correspondente determine e respectarán na tradución a literalidade do contido do suplemento que figura nos anexos.

5. As comunidades autónomas determinarán, de conformidade co previsto no artigo 81.3.b) da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os prezos públicos que correspondan pola expedición do suplemento europeo ó título regulado neste real decreto.

Disposición adicional única. *Validación de materias. Modificación parcial do anexo I do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro.*

1. Modifícase parcialmente o parágrafo segundo do punto un.5 do anexo I do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, introducido polo Real decreto 1267/1994, do 10 de xuño, que queda redactado como segue:

«As materias validadas terán a equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no centro de procedencia; para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos en que non exista cualificación non se terá en conta para os efectos de ponderación.»

2. O criterio establecido nesta disposición adicional será de aplicación ós alumnos que presenten solicitudes de validación de materias a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española e de acordo co establecido nos artigos 87 e 88, así como na disposición derradeira terceira, da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dictar, no ámbito das súas atribucións, as dis-

posicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Por orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte poderase modifica-lo formato e mailos modelos do suplemento europeo ó título que figuran nos anexos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca, o 1 de agosto de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,

PILAR DEL CASTILLO VERA

ANEXO I

Modelo do suplemento europeo ós títulos oficiais de diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, licenciado, enxeñeiro e arquitecto

1. Datos do titulado.

1.1 Apelidos.

1.2 Nome.

1.3 Data de nacemento.

1.4 Número de identificación (1).

Código Erasmus da Universidade + DNI ou pasaporte, no caso de estudantes estranxeiros.

2. Información sobre a titulación.

2.1 Denominación da titulación e título conferido.

2.2 Principais campos de estudo da titulación.

Reflectiranse neste punto do documento un máximo de oito campos definidos polo Consello de Coordinación Universitaria para cada titulación oficial, ós que a universidade poderá engadir outros dous opcionais.

2.3 Nome e natureza da institución que conferiu o título. Nome da universidade que outorga o título, indicando se é unha universidade pública ou privada.

2.4 Nome e natureza da institución en que se impartiron os estudos. Reflectirase neste punto o nome do centro universitario no que o titulado finalizou os seus estudos, indicando se se trata dun centro propio ou adscrito á universidade.

(1) A composición do número de identificación poderá ser obxecto de modificación polo Consello de Coordinación Universitaria.

4.3 Datos do programa.

4.3.1 Materias troncais e obrigatorias:

Materia	Número de horas lectivas	Cualificación	Ano	Observacións

4.3.2 Materias optativas:

Materia	Número de horas lectivas	Cualificación	Ano	Observacións

2.5 Lingua(s) utilizada en docencia e exames. Castelán, lingua cooficial e, se é o caso, porcentaxe de docencia noutra lingua sempre que se impartise nela, alomenos, unha materia.

3. Información sobre o nivel da titulación.

3.1 Nivel da titulación. Indicar, de acordo co modelo que teña que figurar na sección 8 do documento, segundo se trate dunha titulación de primeiro ciclo, de segundo ciclo ou de primeiro e segundo ciclo.

3.2 Duración oficial do programa (para estudantes a tempo completo). Formaliza-los seguintes incisos:

Duración: tres anos (títulos de diplomado, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico). Catro, cinco ou seis anos, de acordo coa duración do plan de estudos correspondente (títulos de licenciado, enxeñeiro e arquitecto).

O tempo total presencial cos profesores en clases teóricas e prácticas é de horas no conxunto da titulación (no caso de titulacións con directivas comunitarias deberase reflecti-lo número total de horas que estableza o plan de estudos correspondente).

É opcional formaliza-los dous incisos seguintes:

Existe a posibilidade de completa-los estudos da titulación en anos (só no caso de que exista unha programación docente, conxunta coa doutra titulación oficial, aprobada pola universidade).

O tempo total estimado de traballo do estudante, por ano, incluíndo exames e a súa preparación é de horas.

3.3 Requisitos de acceso. Débense reflecti-los establecidos pola normativa vixente, incluíndo os primeiros ciclos universitarios e mailos ciclos formativos de grao superior ou formación profesional desde os que os alumnos poden ter acceso á titulación.

4. Información sobre o contido e os resultados obtidos.

4.1 Forma de estudio. Indicar se o programa de estudos é presencial, non presencial ou mixto.

4.2 Requisitos do programa. O estudante ten que completa-las horas do programa de estudos distribuídas do seguinte xeito:

.....Materias troncais (..... horas).

.....Materias obrigatorias (..... horas).

.....Materias optativas (..... horas).

.....Créditos de libre elección (..... horas).

Un practicum equivalente a horas.

Un proxecto fin de carreira (..... horas).

4.3.3 Créditos de libre elección:

Materia/ Actividade	Número de horas lectivas	Cualificación	Ano	Observacións
------------------------	-----------------------------	---------------	-----	--------------

No caso de materias validadas deberase facer constar a expresión «validada» no punto de observacións.

No caso de materias adaptadas como resultado de adaptacións de plans de estudio, farase constar a cualificación obtida cando foi cursada polo alumno no punto de cualificación, e a expresión «adaptada» no de observacións.

No caso de créditos de libre elección, obtidos por ter realizado actividades formativas, deberase facer constar, segundo corresponda, a cualificación de «apto» ou, no punto de observacións, a expresión «horas recoñecidas». Estes casos non contabilizarán para efectos de ponderación de expediente.

4.3.4 Materias cursadas noutra universidade, española ou estranxeira, en programas de mobilidade de estudantes:

Materia	Número de horas	Universidade	Ano
---------	--------------------	--------------	-----

4.4 Sistema de cualificación.

A distribución das cualificacións no conxunto das materias das materias conducentes á obtención do título de
na Universidade
nos últimos dous anos foi:

Aprobado.	%
Notable.	%
Sobresaliente.	%
Matrícula de Honor.	%
	100 %

Débase engadir a seguinte nota explicativa: no sistema universitario español, as cualificacións están baseadas na puntuación absoluta sobre 10 puntos obtida polo estudante en cada materia, de acordo coa seguinte escala:

Suspense: 0-4,9.

Aprobado: 5-6,9.

Notable: 7-8,9.

Sobresaliente: 9-10.

Matrícula de honor: implica ter obtido sobresaliente máis unha mención especial.

Unha materia considérase superada a partir de aprobado (5).

4.5 Cualificación global do titulado:

Nota explicativa: a ponderación de expediente calcúlase mediante o criterio seguinte: suma dos créditos superados polo alumno multiplicados cada un deles polo valor da cualificación que corresponda, a partir da táboa

de equivalencias que se especifica a continuación, e dividido polo número de créditos superados polo alumno:

Aprobado: 1 punto.

Notable: 2 puntos.

Sobresaliente: 3 puntos.

Matrícula de honor: 4 puntos.

Validada: puntos correspondentes en función de cualificación obtida nos estudos previamente cursados.

Se é o caso, débese incluír se obtivo premio extraordinario.

5. Información sobre a función da titulación.

5.1 Acceso a posteriores estudos. No caso dos títulos de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto débese indicar que habilitan para o acceso ó doutoramento e outros estudos de posgrao.

No caso dos títulos de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico débense indicar as titulacións de segundo ciclo para o acceso ás cales habilitan.

5.2 Cualificación profesional. Transcribir neste punto a que corresponda o título en función da norma vixente, nos termos en que o Consello de Coordinación Universitaria determine.

6. Información adicional. Cada universidade, logo de aprobación do consello de goberno, pode incluír neste punto unha breve información específica propia sobre a propia universidade e sobre a titulación. Así mesmo, neste punto tamén se poden reflectir datos sobre outras fontes complementarias de información sobre a titulación, a universidade que emite o título, os centros que imparten os estudos, guías do estudante e programas das materias.

7. Certificación do suplemento.

7.1 Data día/mes/ano.

7.2 Sinaturas: a do secretario xeral da universidade, que poderá ir impresa no documento, e outra sinatura orixinal do responsable administrativo da información que quedou reflectida no suplemento europeo ó título.

7.3 Cargo dos asinantes.

7.4 Selo oficial da universidade.

8. Información sobre o sistema nacional de educación superior. Completarase este punto transcribindo o modelo uniforme de descrición do sistema universitario español vixente que aprobe o Consello de Coordinación Universitaria.

ANEXO II

Formato do suplemento europeo ó título de doutor

1. Datos do titulado.

- 1.1 Apelidos.
- 1.2 Nome.
- 1.3 Data de nacemento.
- 1.4 Número de identificación (2).

Código Erasmus da universidade + DNI ou pasaporte, no caso de estudantes estranxeiros.

2. Información sobre a titulación.

2.1 Denominación da titulación e título conferido: doutor.

2.2 Principais campos de estudio da titulación. Nome do programa de doutoramento e áreas de coñecemento dos departamentos que o impartiron.

2.3 Nome e natureza da institución que conferiu o título. Nome da universidade que outorga o título, indicando se é unha universidade pública ou privada.

2.4 Nome e natureza da institución en que se impartiron os estudos. Cubrirase este punto só no caso de que o alumno realizase os seus estudos de doutoramento nunha universidade diferente daquela na que defendeu a súa tese e expende o título.

2.5 Lingua(s) utilizada en docencia e exames. Castelán, lingua cooficial e, se é o caso, porcentaxe de docencia noutra lingua sempre que se impartise nela, alomeños, unha materia.

4.3.1 Cursos de período de docencia do programa de doutoramento:

Curso	Número de horas	Cualificación	Ano	Observacións

4.3.2 Traballos de investigación do segundo período do programa de doutoramento.

4.3.3 Cursos de doutoramento realizados noutra universidade.

4.3.4 Denominación da tese de doutoramento.

4.4 Sistema de cualificación. No sistema universitario español, as cualificacións están baseadas na puntuación absoluta sobre 10 puntos obtida polo estudante en cada materia ou traballo de investigación, de acordo coa seguinte escala:

- Suspenso: 0-4,9.
- Aprobado: 5-6,9.
- Notable: 7-8,9.
- Sobresaliente: 9-10.

Unha materia considérase superada a partir de aprobado (5).

A cualificación da tese de doutoramento é outorgada por votación dos cinco membros do tribunal encargado de xulgarla, de acordo coa seguinte escala:

- Apto (5-6,9).
- Notable (7-8,9).
- Sobresaliente (9-10).

Sobresaliente «cum laude» (cando a cualificación de sobresaliente foi concedida pola totalidade dos membros do tribunal).

4.5 Cualificación global do titulado:

4.5.1 Cualificación global nos estudos de doutoramento:

3. Información sobre o nivel da titulación.

3.1 Nivel da titulación. Titulación de terceiro ciclo. Completar de acordo co modelo que teña que figurar na sección 8 do documento.

3.2 Duración oficial do programa de doutoramento. O doutoramento, no sistema universitario español, estrutúrase en dúas fases:

A primeira consta de cursos ou seminarios e traballos de iniciación á investigación. A súa duración é de dous anos e dá lugar á obtención dun diploma de estudos avanzados.

A segunda corresponde á elaboración e defensa dunha tese de doutoramento e a súa duración é variable (en xeral 2 ou 3 anos máis).

3.3 Requisitos de acceso. A admisión nun programa de doutoramento require estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.

4. Información sobre o contido e os resultados obtidos.

4.1 Forma de estudio. Indicar se o programa de estudos é presencial, non presencial ou mixto.

4.2 Requisitos do programa.

4.3 Datos do programa.

(2) A composición do número de identificación poderá ser obxecto de modificación polo Consello de Coordinación Universitaria.

Cualificación global no período de docencia do programa:

Cualificación global no período de investigación do programa:

A ponderación de expediente calcúlase mediante o criterio seguinte: suma dos créditos superados polo alumno multiplicados cada un deles polo valor da cualificación que corresponda, a partir da táboa de equivalencias que se especifica a continuación, e dividido polo número de créditos totais do plan de estudos:

Aprobado: 1 punto.

Notable: 2 puntos.

Sobresaliente: 3 puntos.

Validada: puntos correspondentes en función de cualificación obtida nos estudos previamente cursados.

Trala valoración global dos seus estudos e traballos de investigación levada a cabo por unha comisión, o titulado obtivo o diploma de estudos avanzados.

4.5.2 Cualificación da tese de doutoramento:

Data da lectura da tese: se é o caso, debe incluírse se obtivo premio extraordinario.

5. Información sobre a función da titulación.

5.1 Acceso a posteriores estudos. O título de doutor é o máximo grao académico que se outorga no sistema universitario español.

5.2 Cualificación profesional. O título de doutor é requisito para o acceso a prazas de profesor titular de universidade, catedrático de universidade, catedrático de

escola universitaria, axudante doutor, contratado doutor, así como ás prazas de investigador que convoca o Consello Superior de Investigacións Científicas.

6. Información adicional. Cada universidade, logo de aprobación do consello de goberno, pode incluír neste punto unha breve información específica propia sobre a propia universidade e o departamento ou instituto de investigación que imparte o programa de doutoramento.

Así mesmo, tamén se poderá reflectir neste punto se a tese de doutoramento conta coa mención «doutoramento europeo» e as condicións de concesión desta.

7. Certificación do suplemento.

7.1 Data día/mes/ano.

7.2 Sinaturas: a do secretario xeral da universidade, que poderá ir impresa no documento, e outra sinatura orixinal do responsable administrativo da información que quedou reflectida no suplemento europeo ó título.

7.3 Cargo dos asinantes.

7.4 Selo oficial da universidade.

8. Información sobre o sistema nacional de educación superior. Completarase este punto transcribindo o modelo uniforme de descrición do sistema universitario español vixente que aprobe o Consello de Coordinación Universitaria.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

17352 *REAL DECRETO 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua.* («BOE» 219, do 12-9-2003.)

Desde o ano 1993, a formación e a reciclaxe profesional dos traballadores ocupados véñense regulando a través dos acordos nacionais de formación continua, subscritos entre as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, e entre estas e o Goberno. Ata a data asináronse tres acordos de formación continua: acordo de decembro do ano 1992, acordo de decembro do ano 1996 e acordo de decembro do ano 2000, que deron lugar a un sistema de formación continua que permitiu, por unha parte, dota-lo sistema duns recursos financeiros para as empresas e os seus traballadores e, por outra, desenvolver un modelo de xestión baseado na concertación social e no desenvolvemento de institucións paritarias sectoriais e territoriais, que contribuíron a mellora-las relacións dos axentes sociais entre si e destes co Goberno.

O modelo de xestión establecido nos ditos acordos caracterizouse polo protagonismo dos axentes sociais no deseño e na implantación da formación continua, ó tempo que se foi incrementando progresivamente a participación da Administración do Estado, sen ningunha mingua do citado protagonismo, senón xuntando esforzos nun marco de permanente diálogo social cun fin común: mellorar cada vez máis o sistema de formación dos traballadores.

Os bos resultados obtidos na xestión da formación continua acredítanse en varios aspectos: na actualidade arredor dun millón setecentas mil persoas fórmanse cada ano, fronte á súa escasa implantación no ano 1993, no que se formaron cerca de trescentos mil traballadores; importantes segmentos empresariais consideran que o capital humano é o seu principal activo e que non pode-

rán competir con éxito en mercados globalizados se este non está suficientemente formado e coas súas competencias profesionais permanentemente actualizadas. Estas empresas xa incorporaron a formación permanente á súa estratexia de negocio. Por último, pero non por iso menos importante, o modelo de organización de formación continua no noso país considérase un exemplo de aplicación práctica de diálogo social na implantación dunha política en que os intereses dos traballadores e das empresas debe ser, e éo, coincidente: a creación e mantemento de emprego de calidade e o incremento da produtividade.

O Goberno comparte e apoia os obxectivos citados, pois constitúen sólidas bases para fomenta-lo crecemento económico, a converxencia real cos países máis avanzados e mellora-lo benestar colectivo e a cohesión social de noso país.

Sen embargo, desde a vixencia dos III Acordos Nacionais de Formación Continua producíronse feitos non tidos en conta na súa sinatura, como consecuencia de producirse con posterioridade á dita sinatura, e que fai necesaria a súa revisión, ó tempo que se introducen determinadas melloras no sistema de formación dos traballadores ocupados. Así:

a) As sentencias do Tribunal Constitucional, do 25 de abril e 17 de outubro do ano 2002, requiren a revisión do modelo de formación continua dentro do marco constitucional sinalado nos fundamentos xurídicos daquelas, que inscriben a regulación desta materia no ámbito da lexislación laboral, competencia exclusiva do Estado, ó tempo que delimitan os supostos nos que a xestión ou execución das accións formativas lle correspondería ó Estado ou ás comunidades autónomas.

b) A promulgación da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, constitúe, sen dúbida, un fito importante na ordenación da totalidade do sistema de formación profesional. O establecemento dun catálogo nacional de cualificacións profesionais, asociado a unha formación modular, e dun sistema de recoñecemento e avaliación da experiencia profesional, obriga a prever mecanismos mediante os que a formación continua se vaia progresivamente adaptando. Así mesmo, o subsistema de formación continua debe fundamentarse no concepto integral de formación profesional e no marco da colaboración dos axentes sociais, das empresas e doutras entidades a que se refire a citada lei.

c) Valorando positivamente o esforzo conxunto e os resultados obtidos ata a data para estende-la formación continua, a experiencia acumulada dos anos transcorridos puxo de manifesto a necesidade de introducir modificacións no actual sistema.

A carón diso, o Goberno é consciente da necesidade de seguir e potencia-lo esforzo ata agora realizado en materia de formación continua, como factor de indubidable importancia de cara á competitividade da nosa economía e ó futuro e calidade do emprego. Ó mesmo tempo, considera necesario que o novo sistema sexa máis sinxelo, menos burocrático na súa utilización polos beneficiarios e que permita planifica-la formación, mantendo e potenciando, non obstante, os sistemas de control dos fondos públicos utilizados para a formación continua. A menor burocracia e a maior sinxeleza serán instrumentos fundamentais para que as axudas de formación continua se estendan ó maior número de empresas, moi especialmente ás pequenas e medianas empresas, que constitúen a maior parte de noso tecido productivo.

Foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e o Consello Xeral de Formación Profesional.